

FESTA DO MARISCO DO GROVE

Unha festa para exaltar o produto da ría

Nas carpas e postos de venda instalados na Praza do Corgo poderán degustarse decenas de variedades de marisco

ANXO BENTRÓN [O GROVE]

Dende hai 61 anos, durante as primeiras semanas de outubro, cando o marisco se atopa na época de esplendor en sabor e aínda mantén un prezo asequible, a Festa do Marisco do Grove converte á localidade do Salnés na capital gastronómica de Galicia, atraendo a miles de persoas de toda a xeografía galega, e incluso española, atraídos por este exquisito produto do mar.

As orixes desta celebración tan aclamada remontanse á década dos 60 do século pasado, concretamente ao ano 1963, cando un grupo de veciños da localidade decidiu organizar unha modesta degustación popular co obxectivo

de gozar do marisco e promover o sector pesqueiro. A festividade, que comezou como un evento modesto e tranquilo, pronto obtivo unha gran popularidade ata acabar convertíndose na festa de referencia para a exaltación do marisco. O éxito que alcanzou dende os seus inicios é tal que, dende o ano 2013, conta coa distinción de Festa de Interese Turístico Nacional.

Nas carpas e postos de venda instalados na Praza do Corgo, que abrirán de luns a xoves de 12.00 a 16.00 e de 19.30 a 22.30; e os venres, sábados e domingos de 11.30 a 17.00 e de 19.30 a 23.00 horas, os visitantes poderán degustar decenas de variedades de marisco.



Os visitantes poderán degustar decenas de mariscos // FDV

cións feitas co mellor marisco como o arroz con bogavante, os fideos mariñeiros, as croquetas de marisco ou, como non, a empanada.

Pero non todo vai ser comer. A celebración, que se desenvolve ata o vindeiro domingo 13, conta cun gran e variado programa de actividades no que a música é, á marxe do marisco a gran protagonista con actuacións musicais todas as xornadas de grupos como The Rapants, Mondra, Carlangas y Los Cubatas, A Banda do Sequío ou La Pegatina, entre outros.

Dende mexilóns ata percebes, pasando por ameixas, navallas, berechos, vieiras, volandeiras, ca-

maróns, langostas, nécoras, centolos ou ourizos de mar. Ademais, tampouco faltarán outras elabora-

Bienvenidos a la
Fiesta del Marisco

Villa Juanita Hoteles
“Boas Festas” ***

- RESTAURANTE CLIMATIZADO
- CAFETERÍA • APARCAMIENTO

reservas@villajuanita.com
www.villajuanita.com

Rúa de Castelao, 110
36980 O Grove (Pontevedra)
Teléfs.: 986 730 760

Cámping
O'ESPIÑO

2ª Categoría

- Puerto Deportivo - Playas - Pinares - Cafetería - Supermercado

BONITAS VISTAS AL MAR
BAÑOS PARA MINUSVÁLIDOS

San Vicente do Mar - T. 986 738 048 - O GROVE
(Pontevedra) ABIERTO TODO EL AÑO
www.campingoespino.com

O GROVE

LXI FESTA
DO
MARISCO

do 3 ao 13 de outubro de 2024

XUNTA DE GALICIA
Deputación de Pontevedra
O GROVE
galicia
riasbaixas
ABANCA
MICHON
ABRIL
FESTA DO MARISCO

FESTA DO MARISCO DO GROVE

Marisco e música xúntanse no Grove

A 61ª edición da Festa do Marisco celebrase ata o vindeiro domingo 13 para exaltar este produto do mar

ANXO BENTRÓN [O GROVE]

Comezou onte unha nova edición dunha das festas gastronómicas máis importantes de Galicia, a Festa do Marisco do Grove, que se desenvolverá ata o vindeiro domingo 13 e que cumpre 61 anos. Un dos eixes centrais da celebración serán as casetas para a venda de marisco, que abrirán de luns a xoves en horario de 12.00 a 16.30 e de 19.30 a 22.30 horas; e os venres, sábados e domingos de 11.30 a 17.00 e de 19.30 a 23.00 horas, excepto o derradeiro día, que só abrirá de mañán.

Á marxe dos postos de venda deste produto da ría, a festa conta cun programa cargado de actividades, que comezará coa inauguración da Feira de Oportunidades

Grovestock. Ás 17.00 darán comezo as actividades infantís ás que seguirán o festival de música e baile tradicional a cargo de Paradanda-Mecos. A xornada de hoxe pecharase cos concertos de Mondra, The Rapants e Djow.

Mañán, ás 12.00 horas, celebrase a regata de dornas "a vela" seguida da sesión vermú. Xa pola noite, ás 23.00 horas terán lugar os concertos Carlanguas y Los Cubatas, Delaporte e Serial Killerz. Xa o domingo, a xornada comezará ás 9.30 co IX Encuentro Internacional Scooter Clásicas e, acto seguido, coa XXIII Carrera Festa do Marisco. Dende as 12.00 horas terá lugar a actuación de baile tradicional da Asociación Cantordoxo. A xornada pecharase coa música de Cinco de Zocas e



Un grupo de amigos durante a Festa do Marsico do Grove do pasado ano. // Iñaki Abella

Gaudi Galego.

Tras unha fin de semana completa, as actividades continuarán o luns cos concertos de @ de Viño e Os Firrás. O martes será o turno de Flamenco, despois de que as pandereteiras de ASXUPEN animen a xornada nas carpas de degustación.

O mércores inaugurarase, ás 9.30 horas, o XXVI FOROACUI no Auditorio do Grove e ás 12.00 horas coñecerase o ganador do XIX Premio Nacional Lola Torres de Gastronomía. Ademais, dende as 22.00 horas, A Banda do Sequío ofrecerá

un concerto. Durante a xornada do xoves 10 terá lugar as XVI Xornadas Gastronómicas "A cociña do mar", ás 17.30 horas no recinto da festa, e a conferencia "XXXVI Ciclo Cultivando o mar", ás 20.00 horas na sala das Cunchas. Ademais, como non pode ser doutro xeito, non faltará a música coa actuación das pandereteiras de Adro Vello e os concertos de Os Carismáticas e Santero y Los Muchacos. Ás 12.00 horas do venres presentase a edición do próximo ano e ás 20.00 horas terá lugar un dos momentos

máis agardados coa Gala de entrega das Centolas de Ouro 2024. Despois, Queralt Lahoz, Ariel Tot e Nainein Dj porán a música para pechar unha nova xornada festiva.

Xa na fin de semana, o sábado celebrase a regata de dornas "a remo" e terán lugar os concertos de La Pegatina, Terrae e Manu Tf, e dende as 23.30 horas, a Noite Meiga e a Gran Queimada. A edición deste ano pechase o domingo 13 co concerto da Coral Polifónica da Cofradía de Pescadores San Martiño do Grove.

Cubretendais | Todo tipo de toldos

Motorización | Cortinas verticais

Automatización

TOLDOS

en toda Galicia

TOLDOS TOLDOIBERICA

986 48 34 19 | www.toldoiberica.com

toldos@toldoiberica.com

campingmoreiras@campingmoreiras.com

www.campingmoreiras.com

O Grove - Pontevedra

T. 986 731 691

BUNGALOWS

CAMPING moreiras

LUIS KABALO

T. 630 26 50 27

Playa Seixeliño, s/n

San Vicente del Mar • O Grove

■ ESPECIALIDADES EN PEIXES E CARNES Á BRASA

■ PAELLA DE MARISCOS